



ILMO. CONCELLO  
DE CAMBADOS

## INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN MOTIVANDO A NECESIDADE DO CONTRATO



D. Fátima Abal Roma, Alcaldesa do Ilmo. Concello de Cambados, en uso das súas atribucións legalmente conferidas, actuando como órgano de contratación, en relación co seguinte expediente:

Expte. Deputación: 2019013701	Expte. Subv: 953/2019	Expte. Contratación 1650/2021
Tipo de contrato: <b>SUBMINISTRO</b>		
Obxecto do contrato: <b>SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE (COMPOSTAXE, PANEIS INFORMATIVOS E SISTEMA DE VÍDEOVIXILANCIA)</b>		
Procedemento de contratación: <b>Aberto simplificado sumario con división en lotes</b>		
Tramitación: <b>ordinaria</b>		
Código CPV:	39234000-1 Caixas para compost. 45213280-9 Traballos de construción de instalación de compostaxe. 34928472-7 Postes indicadores. 35120000-1 Sistemas e dispositivos de vixilancia e seguridade.	
Prezo estimado: <b>30.103,37 €</b>		IVE: <b>6.321,71 €</b>
Orzamento base de licitación: <b>36.425,08 €</b>		
Duración: <b>1 MES</b>		

### INFORMO:

**PRIMEIRO.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE.** A vista do establecido nos artigos 28.1 e 116.4 da LCSP, a necesidade da realización do presente contrato xustifícase:

De conformidade co establecido no artigo 25.2, da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, o Concello ten a competencia sobre as materias seguintes: "... **b)** Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos. **h)** Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Xustifícanse a adquisición de cada un dos subministros polo seguinte:

#### ► **Composteiros.**

A xestión dos residuos xerados pola poboación e as actividades humanas están a provocar un importantísimo impacto ambiental.

No ano 2017 comezáronse experiencias de compostaxe, instalándose en diversas rúas composteiros comunitarios e individuais, que foron incrementándose a outras zonas do Concello, para o depósito de refugallos orgánicos procedentes dos domicilios co fin de tratalos *in situ* e transformar nun produto final inocuo, sen ter que trasladalos a outras localizacións para o seu tratamento, cos custes económicos e medioambientais que acarrexan.

Os restos orgánicos de orixe doméstica, ben administrados e tratados poderán deixar de ser un *problema* (económico e medioambiental, de non tratarse adecuadamente) e, aportar un valor engadido.

#### ► **Paneis informativos.**

O esteiro de A Seca, en Corvillón, é un espazo natural de importancia etnográfica, natural, cultural e patrimonial. Neste atópanse os hábitats 1110 e 1140, definidos pola Directiva Hábitat como areosos e lamacentos, de grande importancia para a cría de moluscos, peixes e as aves.

Na marisma da enseada de A Seca atópase un importante paso de aves limícolas invernais e outras de maior asentamento como a garza real, garzota branca, corvos mariños, parrulos e biluricos, entre outros.

Non menos importante é o conxunto botánico con formacións de vexetación herbácea e matogueira adaptada a esta área litoral, estando presentes especies nativas como o abruñeiro e espiñeiro albar.

Por outra banda, en A Seca existe un elemento de valor etnográfico destacable o Muiño de mareas de A Seca, empregado para a moenda de trigo, cebada e centeo grazas ao movemento das mareas.





ILMO. CONCELLO  
DE CAMBADOS

## INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN MOTIVANDO A NECESIDADE DO CONTRATO



A pesares de contar cun espazo que presenta valores naturais e patrimoniais non existe ningún panel ou sinalización con información sobre o arte tradicional de marisqueo practicado na zona, a historia ou o funcionamento do Muíño de mareas, polo que resulta necesario poñelo en valor.

### ► Sistema de vídeo vixilancia para o punto limpo.

Este Concello dispón dun punto limpo, instalación na que se recolle e clasifican os refugallos depositados polos veciños que polas súas características ou compoñentes, que deben recibir un tratamento especial (aparells electrónicos, aceites, baterías, mobles, electrodomésticos, chatarra, etc.)

Con motivo do valor de algúns refugallos (especialmente os metálicos) as instalacións veñen sufrindo vandalismo e roubos dende o comezo da súa actividade, polo que coídase necesario a instalación dun sistema de vixilancia como factor intimidatorio e preventivo, coa dotación da correspondente infraestrutura para evitar os danos que se están a producir nas instalacións do punto limpo.

**SEGUNDO.- OBXECTO DO CONTRATO.** O obxecto do contrato, en cumprimento do disposto polos artigos 99 e 231 da LCSP, atópase definido na Memoria-valorada das obras de “**SUBMINISTRO DE MATERIA PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE (COMPOSTAXE, PANEIS INFORMATIVOS E VIDEOVIXILANCIA**”, redactada polo arquitecto técnico municipal, D. Pelayo Eyo Valladares.

Tal e como se desprende da Memoria-valorada, os subministros a realizar serán os seguintes:

DESCRIPCIÓN	PRECIO UNITARIO	UNIDADES
Unidades modulares de compostaxe (UMC) 1 m3	550,00	17,00
Caixons de estruturante CCC	475,20	7,00
Cartelería Informativa CCC	474,50	7,00
Obra Civil	2.567,92	3,00
Sistema de videovixilancia Punto Limpio	2.758,00	1,00
Postes e cartelería zonas ZEPA e RAMSAR	545,00	4,00
<b>TOTALES</b>		

**TERCEIRO.- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.** O valor estimado deste contrato, de conformidade co disposto no artigo 101 LCSP, é o seguinte:

Execución material	<b>30.103,37</b>
<b>Valor estimado</b>	<b>30.103,37</b>

**CUARTO.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN.** O orzamento de execución por contrata que servirá de base de licitación ascende a un total importe de **36.425,08 €** (Ive engadido).

<b>Prezo estimado do contrato</b>	<b>30.103,37</b>
21 % IVE	6.321,71
<b>PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN</b>	<b>36.425,08</b>

**QUINTO.- FINANCIAMENTO.-** No mencionado *expediente de subvención nº 953/2019*, consta a notificación de resolución concesión de axuda a este Concello e autorización para o cambio de proxecto, por importe **36.425,08 €** (Ive engadido), estando polo tanto acreditada a plena dispoñibilidade dos financiamentos externos, de conformidade co establecido no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público.

Orzamento	Subvención outorgada 2019013701	Achega fondos municipais.
<b>36.425,08 €</b>	<b>34.961,38</b>	<b>1.463,70</b>





ILMO. CONCELLO  
DE CAMBADOS

## INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN MOTIVANDO A NECESIDADE DO CONTRATO



Visto o Decreto de Alcaldía nº 2021-0348, de data 17/03/2021, polo que se **acepta a axuda** concedida pola Excm. Deputación de Pontevedra, para levar a cabo os mencionados subministros.

**SEXTO.- DIVISIÓN EN LOTES.** Tal e como se desprende do informe do Técnico Municipal, de data 12/04/2021, e de conformidade co disposto polo artigo 99.3, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público considera que, os subministros desglosados no orzamento da Memoria-valorada obxecto do presente contrato, teñen sustentividade propia, constitúen unha unidade funcional por si mesmas, podéndose executar por separado, polo que o obxecto do contrato é separable e permite a súa execución por contratistas diferentes, procedendo a súa división en lotes:

<b>LOTE 1. UNIDADES MODULARES COMPOSTAXE (UMC), CAIXÓNS ESTRUTURANTES (CCC) E OBRA CIVIL</b>	
Total execución material	21.843,87
<b>Prezo estimado do contrato</b>	<b>21.843,87</b>

<b>LOTE 2. PANEIS INFORMATIVOS</b>	
Total execución material	5.501,50
<b>Prezo estimado do contrato</b>	<b>5.501,50</b>

<b>LOTE 3. SISTEMA VIDEOVIXILANCIA</b>	
Total execución material	2.758,00
<b>Prezo estimado do contrato</b>	<b>2.758,00</b>

Nº Lote	BASE IMPOÑIBLE	IVE	TOTAL LOTE
<b>LOTE 1. UNIDADES MODULARES COMPOSTAXE (UMC), CAIXÓNS ESTRUTURANTES (CCC) E OBRA CIVIL</b>	21.843,87	4.587,21	<b>26.431,08</b>
<b>LOTE 2. PANEIS INFORMATIVOS</b>	5.501,50	1.155,32	<b>6.656,82</b>
<b>LOTE 3. SISTEMA VIDEOVIXILANCIA</b>	2.758,00	579,18	<b>3.337,18</b>
<i>Investimento total proxecto.</i>	30.103,37	6.321,71	36.425,08

**OITAVO.- FORMA DE ADJUDICACIÓN DO CONTRATO.** Atendendo a contía o procedemento elixido é o establecido no art. 159.6 da LCSP, *procedemento aberto simplificado sumario con división en lotes*, dado que o valor estimado do presente contrato de subministro (30.103,37 €) é inferior a 60.000,00 € establecido no mencionado artigo.

En Cambados. Asinado electronicamente.



Cod. Validación: 4K5K1.3XQ2WCM5775DPZ6LXL3A | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3